

Convenio de colaboración educativa entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro para a impartición de ensinanzas de formación profesional da familia de Sanidade.

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2024.

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia.

E doutra dona Lucía Cachafeiro Suárez, directora administrativa da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, en nome e representación dela, e facultada para este acto mediante o poder outorgado ante o notario do Ilustre Colexio da Coruña don Raúl Gerardo Muñoz Maestre, con data 7 de xullo de 2015 e número de protocolo 2.416.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

1. Que o Decreto 79/2016, do 4 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Radioterapia e Dosimetría, contempla que a competencia xeral deste título consiste en aplicar tratamentos con radiacións ionizantes baixo prescrición médica, utilizar equipos provistos de fontes encapsuladas ou produtores de radiacións, aplicando as normas de radioprotección xerais e específicas, e asistindo ao paciente durante a súa estancia na unidade, así como realizar procedementos de protección radiolóxica hospitalaria, seguindo normas de garantía de calidade e os protocolos establecidos na unidade asistencial.

2. Que a colaboración coa Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro ven desde o ano 2005 que se asinou o primeiro convenio de colaboración para poder impartir, no curso 2005-2006, ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, naquel momento o ciclo formativo de grao superior en Radioterapia, no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña. Nos seguintes cursos escolares se mantén esta colaboración a través das respectivas addendas.

No ano 2016 asinase un novo convenio para o curso 2016-2017 co novo título de Técnico Superior en Radioterapia e Dosimetría que substitúe ao anterior. Esta colaboración séguese mantendo ata o momento actual mediante as addendas correspondentes.

3. Que o CIFP Ánxel Casal-Monte Alto continúa coa oferta para o curso 2024/2025, do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, e non dispón das instalacións e do equipamento mínimo necesario para poder impartir os módulos de Dosimetría física e clínica e de Simulación do tratamento, que corresponden ao segundo curso do referido ciclo.

4. Que a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro dispón dos espazos e dos equipamentos necesarios, para poder impartir os módulos referidos no apartado anterior e está disposta a seguir coa colaboración mantida ao longo destes últimos anos.

Por todo isto, estas institucións están dispostas a colaborar de forma conxunta, para continuar coa oferta de ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a colaboración no eido da formación profesional entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro da Coruña, para seguir impartindo as ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, concretamente o ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, no CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña.

Segunda. Autorización e impartición das ensinanzas

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional autorizará a posta en funcionamento e a organización das ensinanzas de formación profesional específica do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, que se impartirán compartidamente nas instalacións do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto e nas instalacións da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro.

A impartición das ensinanzas de formación profesional específica do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría nas instalacións da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, refírese ao módulo de Dosimetría física e clínica e ao de Simulación do tratamento, para os que cómpren unhas instalacións especiais das que non dispón o CIFP Ánxel Casal Monte-Alto.

Terceira. Compromisos das partes

A Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro achegará o profesorado especialista necesario para o desenvolvemento dos módulos referidos na cláusula anterior, que se imparten na citada fundación. A impartición destes módulos por profesorado especialista está prevista no Anexo VI Organización dos módulos profesionais do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría para o réxime ordinario, do Decreto 79/2016, do 4 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Radioterapia e Dosimetría.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional farase cargo dos gastos de funcionamento necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas obxecto deste convenio, os dous módulos do ciclo formativo de grao superior de Radioterapia e Dosimetría, e que se estiman nun importe máximo 36.000 euros para o curso 2024-2025 e que se

repartirán do seguinte modo: 15.000 euros para o ano 2024 e 21.000 euros para o ano 2025, con cargo ao concepto orzamentario 37.04.422M.229 no que se contemplan os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos. O dito importe transferirase ao CIFP Ánxel Casal-Monte Alto da Coruña, que deberá xustificar estes gastos de acordo co Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Durante o tempo que duren as actividades formativas realizadas na fundación o alumnado estará dado de alta na Seguridade Social segundo establece a disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei da Seguridade Social, que determina a inclusión, no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas que inclúen as realizadas polo alumnado de formación profesional. Será a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional quen asumirá a xestión centralizada e o custo económico desta medida.

Cuarta. Desenvolvemento e supervisión das ensinanzas

Estas ensinanzas formarán parte da oferta formativa do CIFP Ánxel Casal-Monte Alto, a todos os efectos académicos e administrativos. Correspóndelle á de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o establecemento, o desenvolvemento e a supervisión dos plans educativos propios da consellería. O centro, nos seus ciclos formativos, queda sometido ao servizo de inspección educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, segundo a normativa vixente para os centros públicos.

Quinta. Comisión de seguimento

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes.

Esta comisión estará constituída por:

- a. Tres persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- b. Tres persoas representantes da Fundación Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro.
- c. Una persoa funcionaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional que actuará como secretaria.

As funcións da comisión serán as seguintes:

- a. Planificar e programar as accións relativas ás ensinanzas obxecto deste convenio.
- b. Fixar as normas para establecer a coordinación de horarios do persoal laboral, persoal docente e alumnado que realiza as súas actividades nas mesmas instalacións.
- c. Autorizar as actividades complementarias de interese para as ensinanzas profesionais obxecto deste convenio.
- d. Programar a realización da formación en empresa u organismo equiparado do alumnado.
- e. Efectuar o seguimento e a avaliación do convenio e propor as modificacións que se xulgaren necesarias.

Sexta. Vixencia do convenio

Este convenio entrará en vigor no curso 2024/2025, terá unha vixencia dun curso académico e prorrogarase por acordo expreso das partes mediante a addenda anual correspondente. O convenio poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas previstas no mesmo. A denuncia esixirá escrito motivado dirixido á comisión de seguimento, cunha antelación de tres meses. En todo caso, a supresión das ensinanzas realizarase curso a curso ata a súa extinción definitiva.

Sétima. Causas de resolución do convenio

Serán causa de resolución do convenio:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Oitava. Protección de datos

De conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as partes implicadas no que

por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non disporán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Neste sentido, haberá que atender ao contemplado no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Novena. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima. Carácter administrativo do convenio

O presente convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite, conforme ao contemplado no artigo 4 da citada lei.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co exposto, ambas as partes firman o presente convenio na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia,
Universidades e Formación Profesional

Román Rodríguez González

A directora administrativa da Fundación
Centro Oncolóxico de Galicia José Antonio

Quiroga y Piñeyro

Lucía Cachafeiro Suárez